

# Instalacións con fins educativos e lúdicos

1921

7

2021

## Casa almacén 1923

Primeiro edificio que se construíu no parque. Destinado a resgardar plantas delicadas e gardar ferramentas, tamén foi utilizado polo persoal de xardíns, oficina de información do parque, currais de aves e pombal. En 1992 mutilouse ao engadirle outra edificación. O proxecto reformaba a casa para destinala a usos culturais, docentes e divulgativos que non se chegaron a desenvolver.



Aspecto actual da casa almacén despois da reforma de 1992



O mapa foi protexido cunha cuberta deseñada por Eloy Maqueira

## Mapa da Península Ibérica 1930

Despois da visita de Primo de Rivera, aprobouse a adquisición dun mapa cartográfico da península Ibérica en relevo con iluminación nas capitais de provincias e Lisboa e en catorce faros. Para protexelo construíuse unha cuberta que tamén facía de pombal. Debido aos danos ocasionados polo ciclón Hortensia, en 1985, restaurase a cuberta.



Miguel Primo de Rivera propuxo poñer un mapa de España

## Quiosco da música 1928

Ademais de ser considerado indispensable para as actuacións da Banda Municipal, albergaba os servizos de mulleres e homes. Construíuse na praza circular

das proximidades da pérgola, pois así, o espectador podería recrearse simultaneamente na divina arte de Mozart e na natureza. En 1970 e en 1992 renováronse os aseos e en 2002 reparouse o quiosco.

## Pista de patinaxe infantil 1952

A pista de 20x40 m. fíxose no ángulo Nordeste, pegada aos arbustos que pechan o parque pola actual rúa Pura Cora. Polas súas dimensións estaba previsto que se puidese utilizar para outros deportes.

## Acondicionamento do espazo de xogos 1990


Axardinouse e mellorouse un espazo de 360 m<sup>2</sup> para destinalo a xogos infantís de 4 a 10 anos. Dotábase de elementos de madeira multidisciplinares ampliando o espazo linceiro que xa os tiña e creando unha zona con céspede, con seis bancos, sete papeleiras, unha fonte de fundición e unha zona con area.

## Rexeneración de pavimento no primeiro bancal 2005

O antigo paseo de coches, ademais de ser utilizado como paseo, é o lugar onde actualmente se instalan as casetas do polbo e atraccións nas Festas de San Froilán, polo que se fixo necesario renovar o pavimento, mellorar o saneamento e o alumado e recuperando así a zona para espaxamento e lecer.




O quiosco para a música era un elemento esencial nun parque



Escanéame para  
leerme en castellano!

Concello de Lugo  
ALCALDÍA  
Medio Ambiente



LUGO  
cidade viva